

OS MOSCOSO DE ALTAMIRA
EN CORCUBION





ANO DE 1429

SEINO, SEINO.

SODES DON RUI SÁNCHEZ MOSCOSO, SEÑOR DE ALTAMIRA, NON SODES UN NINGUÉN.

PERO, AMIGO MEU, A MIÑA SOBRÍÑA É UNHA XOIA, UNHA DAS DONCELAS MÁIS FERMOAS DA NOBREZA.



É NOTORIO, QUERIDO DON FABRIQUE, ADEMÁS SABIDO É QUE A ADORNAN INNUMERABLES VIRTUDES, POR NON FALARMOS DA SÚA LINAXE. VOSA SOBRÍÑA, O PODEROSO DON FABRIQUE, DUQUE DE ARJONA E CONDE DE TRASTÁMARA.



PERO COMO VOS DIXECHES, NO SON UN NINGUÉN E CREO QUE O MEU FILLO, O CABALEIRO DON RODRIGO DE MOSCOSO, SERÁ UN MARIDO DIGNO E APROPIADO PARA A VOSA SOBRÍÑA.

DE ACORDO, DE ACORDO. NON É CORRECTO QUE UNHA DONCELA TAN DEXESADA PERMANEZA SOLTEIRA.



OS MOSCOSO DE ALTAMIRA EN CORCUBIÓN



CONSINTO NA VODA, E COMO NON HAI MELLOR CIMENTO CÓ DIÑEIRO PARA UN MATRIMONIO PRÓSPERO E FELIZ, DOTAREI Á MIÑA SOBRÍÑA CON TRES MIL FLORÍNS DE OURO E COA VILA DE CORCUBIÓN, ADEMÁS DOUTRAS TERRAS E BENS QUE XA DETERMINAREMOS.



DON FABRIQUE, SODES UN GRAN SEÑOR.

IBAH, BAH! SÓ ME GUSTA FACE-LAS COUSAS BEN.

BEBAMOS Á SAUDE DA XOVEN PARELLA E POLA UNIÓN DAS NOSAS FAMILIAS.



CORCUBIÓN, DOUS ANOS DESPOIS.


DENDE QUE OS SEÑORES DE MOSCOSO E ALTAMIRA TOMARON POSESIÓN DA VILA, PROSPERAMOS MOITO.

¿É CERTO QUE A SEÑORA DONA XOANA É TAN FERMOUSA?

TANTO E MÁIS, QUE CANDO SAE Ó BALCÓN DO SEU PAZO PARECERA QUE SAÍSE O SOL.




ALGO MOI DE AGRADECER NESTA TERRA NOSA.



PERO, A PARTE DE ALUMARVOS, QUE MÁIS FIXERON OS SEÑORES.

CANDO CHEGARON, CAERON PRESA DOS ENCANTOS DE CORCUBIÓN. CONSTRUIRON UN PAZO E DESIGNÁRONNOS CAPITAL DA XURISDICCIÓN DE NEMANCOS, CON MÁIS DE VINTE PARROQUIAS.

OS SEÑORES ESTÁN BEN RELACIONADOS E GRACIAS A ISO CONVERTIRON A CORCUBIÓN NUN ESTRATÉXICO PORTO QUE COMERCIA CON FLANDES E VENECIA.



AFLÚEN OS CARTOS, HAI MOVEMENTO DE PERSOAL E HATA SE CONSTRUIU UN HOSPITAL.

TEDE COIDAD, POIS A RIQUEZA DESPERTA A COBIZA DOS ENVEXOSOS.



CORCUBIÓN
ANO DE
1457

¡QUINCE BARCOS!
PERO ... ¿QUENES
SON? ¿QUÉ
PRETENDEN?




SEÑORA DONA
XOANA, TEMO QUE
NADA BO. O PÉRFIDO
ARZEBISPO RODRIGO
DE LUNA QUERE
INCORPORAR
CORCUBIÓN ÁS
SÚAS POSESIÓNS.

ISO É ABSURDO!
CORCUBIÓN PERTENCE
Á MIÑA FAMILIA.

TODO O
MUNDO SABE ISO
SEÑORA, PERO
O ARZEBISPO
ABUSA DO SEU
PODER E ARMOU
EN NOIA
ESTES QUINCE
BARCOS PARA
CONQUISTA-LA
VILA.



E O MEU MARIDO
ESTÁ AUSENTE.
¿QUEN NOS
PROTEXERÁ?




SEÑORA, CHÁMOME GOMES DE RIOBOO,
SERVÍN FIELMENTE Ó VOSO MARIDO
DURANTE ANOS E AGORA DAREI A VIDA
DE SER PRECISO ANTES DE PERMITIR
QUE SE ALDRAXE A VOSA HONRA.



MEU BO GOMES.
NON É A MIÑA HONRA
O QUE PERIGA, SENON
AS VIDAS E FACENDAS
DOS CORCUBIONESES.

¡CAPITÁN GARCÍA!
CORCUBIÓN RESISTE.
A PESARES DOS
MORTOS E FERIDOS
NON SE RENDEN.
INTENTAMOS TOMA-LO
PALACIO DOS SEÑORES
PERO FOI IMPOSIBLE,
A RESISTENCIA É FERÓZ.
ADEMÁIS DISE QUE
DON RODRIGO DE
MOSCOSO VEN A
MARCHAS FORZADAS,
CHEGARÁ EN
CALQUERA MOMENTO.
A NOSA SITUACIÓN
PÓDESE VOLVER
CRÍTICA.



SEÑORA,
¿ESTADES
BEN?

¡RODRIGO, MEU MARIDO! A VOSA CASA
FOI DEFENDIDA POLOS VALEROSOS
CORCUBIONESES, CAPITANEADOS POR
GOMES DE RIOBOO QUENES ME
PROTEXERON COA SÚA VIDA.



XOANA, ANTE VOS E OS
QUE NOS RODEAN FAGO
SOLEMNE XURAMENTO DE
QUE ESTA AFRONTA SERÁ
VINGADA. O ARZEBISPO
RODRIGO DE LUNA PAGARÁ
CARA A SÚA IMPIEDADE
E A SÚA PERFDIA.
EN CANTO ÓS
CORCUBIONESES, A
GOMES DE RIOBOO, A SÚA
FAMILIA E DESCENDENTES
RECIBIRAN TERRAS E
HONORES NA XUSTA
CORRESPONDENCIA
CO SEU VALOR.





CASTRO



MOSCOSO

CONDES DE ALTAMIRA



Asociación
Cultural



“Remancos”